

TEMA 20. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA (GOLPE DE ESTADO E ETAPAS)¹

Orientacións PAU: *Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado terá que analizar as causas explicativas do Golpe de Estado así como os apoios cos que contou. Afondará igualmente, nas características das dúas etapas en que se dividiu a Ditadura (Directorio Militar e Civil) mencionando a crecente oposición á mesma que se foi xestando e que provocou o seu final. No apartado final da composición, o alumnado pode facer tamén unha breve referencia aos gobernos de Berenguer e Aznar.*

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- razóns do golpe de Estado,
- ideoloxía do réxime
- principais características e medidas do Directorio Militar
- principais características e medidas do Directorio Civil
- período final da Ditadura

1. CONTEXTO DO GOLPE DE ESTADO

O 13 de setembro de 1923, Miguel Primo de Rivera, Capitán Xeneral en Cataluña, dá un golpe de estado en Barcelona. No seu *Manifesto ao país e ao exército*, xustifícase sinalando algunhas causas explicativas do golpe de estado:

1. Antimilitarismo e as críticas ao exército, polos fracasos na Guerra de Marrocos.
2. Críticas ao rei, ao que se sinalaba como responsable do Desastre de Annual no Expediente Picasso.
3. Radicalización dos catalanistas, que sente coma unha ameaza á unidade de España.
4. Aumento de atentados terroristas na rúa da man do ámbito anarquista, mais tamén do terrorismo patronal coñecido coma pistoleirismo.
5. Incapacidade dos “profesionais da política” para controlar a situación “de caos”.
6. Atraso económico e o temor a unha revolución social comunista dos de abaixo.

No seu manifesto, Primo de Rivera intenta demostrar que reina o caos, e que el será a solución aos problemas de España. Promete solucionar a profunda crise existente de forma autoritaria en tres meses, como un *cirurxión de ferro* (expresión usada polos rexeneracionistas) extirpando os males. Miguel Primo de Rivera vai adoptar algunha das expresións e xiros do rexeneracionismo que, naquela altura, tiña aceptación na sociedade española.

O Goberno reaccionou pedindo ao rei a destitución dos sublevados, pero ante a falta de apoio do monarca (máis defensor do exército que da Constitución), o Goberno (do liberal Manuel García Prieto) acabou presentando a súa dimisión en bloque.

O día 14 de setembro, Alfonso XIII réunese con Primo de Rivera, entregándolle o Goberno. Comezaba así unha peculiar “ditadura con rei”, como sucedía en Italia con Mussolini.

Ademais do rei, o golpe contou con outros **APOIOS**:

1. Parte do **exército** está desexoso de recuperar protagonismo e importancia na política española.
2. As **elites económica e políticas** (conservadores, burgueses e propietarios), que querían orde como garante da “paz” social e evitar “altercados” dos obreiros. En especial, terá o apoio da

¹ O texto é do blog Somos Historia de Miguel Abaira con algunha incorporación da Aula Virtual do IES de Rodeira [https://drive.google.com/file/d/1vex9d0bYTPDQYQMLf7VUK4wk8OBgupbQ/view]
[https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/aulavirtual/course/view.php?id=44]

burguesía catalá e da oligarquía agraria andaluza temerosa das revoltas dos xornaleiros.

3. A **Igrexa** vai dar o seu apoio á ditadura.
4. Boa parte do pobo, que aceptou con pasividade esta “solución temporal”, incluso os socialistas do **PSOE** apenas amosaron oposición até 1925.

Na outra cara da moeda, hai que destacar o Partido Comunista (PCE) e os anarquistas da CNT, que si se opuxeron e foron moi críticos desde o primeiro momento, ao igual que tamén os republicanos, os intelectuais e os estudantes universitarios.

Así comezaba a ditadura de Primo de Rivera (1923-30), un réxime autoritario e paternalista, no que podemos diferenciar con claridade dúas etapas:

2. DIRECTORIO MILITAR (1923-25):

Nesta etapa, o Goberno estivo formado só por militares, gobernaron mediante decretos (sen Cortes). Centráronse en 4 obxectivos fundamentais:

2.1. DESMANTELAR O SISTEMA POLÍTICO DA RESTAURACIÓN:

1. Suspéndese a Constitución de 1876

2. Destitúense ás autoridades e poñendo autoridades militares afíns ao novo réxime
3. Créase unha nova figura: Delegados do Goberno, para propoñer melloras nos concellos
4. Refórmase a **normativa electoral** (1924), reducindo a idade para poder votar aos 23 anos e concedendo ás mulleres o sufraxio, mais só nas eleccións municipais e se non tiñan home. Este dereito non se exerceu porque non se convocaron eleccións.
5. O novo **estatuto municipal** (1924) e **provincial** (1925) aumentaba as competencias destas institucións, aínda que na práctica o goberno controla a vida municipal designando e nomeando tanto os alcaldes como os concelleiros.

2.2 FORMACIÓN DA UNIÓN PATRIÓTICA:

Primo de Rivera crea unha organización a modo de “partido único” do réxime. Unha especie de asociación de cidadáns para o apoio e propaganda en favor da ditadura, no que tan só participaron os moi adictos ao réxime (conservadores e católicos). A militancia na UP foi condición indispensable para acceder a postos directivos en concellos, deputacións, gobernos civís e outros ámbitos da Administración. Eran os chamados “upetistas”.

2.3. ASEGURAR A ORDE PÚBLICA:

1. Decreta o Estado de Guerra durante dous anos, suspendendo as liberdades. O exército tiña poder total.
2. Ilegaliza o dereito a folga e establece a Censura de Prensa: Prohibe as críticas ó goberno e á Igrexa, censura de noticias sobre conflitos sociais, fallos xudiciais e noticias sobre o Exército e Marrocos.
3. Persegue e ilegaliza as organizacións críticas, como o Partido Comunista e a CNT e, en troques, permite as que non son críticas, cando menos nun inicio, coma o PSOE e a UXT.
4. Un Decreto de setembro de 1923 estende por toda España o **Somatén**, institución tradicional catalá. Trátase dunha milicia armada que ten por obxecto auxiliar aos Corpos de seguridade en situacións de alteración da orde pública. Estaba formada por “cidadáns sans”, colaboradores das autoridades do Réxime (100.000 membros en 1924. 200.000. en 1928). Mallo seu crecemento, non acadou o apoio popular esperado.

2.4. DEFENDER A UNIDADE DA PATRIA:

1. Exáltanse os **símbolos nacionais de España**
2. **Perséguese aos nacionalistas periféricos.** Non se pode usar en actos oficiais máis bandeira que a española ni máis lingua que a castelá. As linguas propias (catalán, vasco e galego non poden ser utilizadas en placas, anuncios, en actos litúrxicos, nin nas escolas). O PNV foi ilegalizado e pecháronse todos os *batzokis*. En Cataluña ilegalízanse Estat Catalá e Acció Catalá e os seus símbolos (bandeiras, linguas...), así como a súa prensa e institucións, o que provocou a súa radicalización.

2.5. FINALIZAR A GUERRA DE MARROCOS:

Tras o desastre de Annual, a política de Primo de Rivera para Marrocos era a volta das tropas a posicións seguras, a redución das forzas militares e a contención do gasto militar. Os ataques de Abd el Krim ao Protectorado francés de Marrocos van mudar esta situación. En xullo de 1925 Francia e España firman un acordo para a intervención no Rif, na que España colabora co **desembarco en Alhucemas**. As operacións franco-españolas resultaron todo un éxito e acabaría significando a derrota total das tribos do Rif e Abd el Krim. A vitoria de Alhucemas aportarlle un grande prestixio a Primo de Rivera. O triunfo rematará coa rendición definitiva de Abd el Krim en 1927

O éxito en Marrocos, a paz social ao controlar as rúas e a prosperidade mundial dos anos 20 provocaron que a popularidade de Primo de Rivera se disparase. Isto explica, en parte, a transformación da ditadura militar nun réxime civil, nun intento de permanecer máis tempo no poder, e de novo co apoio do rei.

3. DIRECTORIO CIVIL (1925-30):

En 1925, consolidada a figura de Primo de Rivera grazas a factores como o control da orde pública, a bonanza económica ou o triunfo en Marrocos, a Ditadura dá un paso adiante no seu obxectivo de perpetuarse mediante a consolidación dun réxime político, semellante ao fascista de Benito Mussolini en Italia ou o autoritario de Miklos Horthy en Hungría.

Substitúe o Directorio Militar polo Directorio Civil, incorporando a políticos civís como Aunós ou Calvo Sotelo nos ministerios de Traballo, Facenda ou Fomento co cometido de impulsar o desenvolvemento económico, o investimento público e as reformas sociais para afianzar o réxime. Malia a incorporación de civís no goberno, o poder seguiu en mans do ditador, axudado por mandos militares, que monopolizaban a orde pública. O goberno exercía o poder executivo e lexislativo sen límites, e controlaba totalmente o poder xudicial (As Cortes continuaron pechadas e suspendida a Constitución de 1876). Os cidadáns continuaban sen dereitos cívicos, nin garantías constitucionais.

Pódense distinguir tres obxectivos:

3.1. INSTAURAR UN RÉXIME CORPORATIVO

Crea unha **Organización Corporativa do Traballo** (para substituír aos sindicatos), na que obreiros e patróns, moderados por un representante do Goberno, estaban obrigados a acordar as súas relacións (xornada, salario...). A UXT apoiou esta política de regulamentación do traballo e fixación de salarios pola intervención estatal.

Crea unha **Asemblea Nacional**, para presentar posibles leis ao Goberno. Estaba formada por representantes de concellos, deputacións, empresas, Igrexa e a UP. Todos eles elixidos polo goberno. En 1929 presentou un proxecto de Constitución de carácter corporativista e liberal doutrinario.

3.2. ELABORAR NOVAS LEIS LABORAIS E SOCIAIS POPULISTAS:

Co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos traballadores, como o Código de Traballo (1926).

Tamén se adoptaron numerosas medidas de carácter populista como: reparto de comida e roupa ás familias necesitadas, construción de casas baratas, axudas para as familias numerosas, cursos para a formación dos obreiros, a regulamentación do traballo nocturno feminino...

3.3. INSTAURAR UNHA ECONOMÍA NACIONALISTA E INTERVENCIONISTA:

1. Aprobación de medidas proteccionistas (impostos á entrada de produtos estranxeiros), controlando o mercado español e os prezos dos produtos.
2. Creación de grandes monopolios estatais:
 - **CAMPSA** (Compañía Arrendataria do Monopolio de Petróleos S.A.) asumiu os recursos que estaban en mans de grandes compañías (Shell, Standard Oil, Texaco). O Estado reservábase unha terceira parte das accións e participaron os maiores bancos de España.
 - **CTNE** (Compañía Telefónica Nacional de España) participada pola ITT dos EE.UU.
3. Investindo en obras públicas (estradas, ferrocarril, tendido eléctrico, encoros...)

Logrouse así un crecemento económico notable que beneficiou moito aos empresarios, pero que aumentou a débeda do Estado, e non mellorou as precarias condicións de vida. Isto, unido a este intento de perpetuarse no poder, fixo que as críticas aumentasen, xurdindo desde 1926 unha crecente oposición á ditadura de Primo de Rivera:

4. OPOSICIÓN Á DITADURA

Destacamos varios grupos críticos coa ditadura

1. **Exército.** En 1926, cando Primo impón o ascenso por méritos, entra en conflito co corpo de artillería, pois os membros deste corpo se comprometían a renunciar a calquera ascenso por méritos, admitindo como único criterio a antigüidade. As retencias e protestas do corpo de artillería levan á disolución do Corpo de Artillería, suspensións de emprego e soldos, establecemento da Lei marcial. Aínda que Primo irá adoptando medidas conciliatorias, o número de militares descontentos irá en aumento. Moitos deles sumáronse aos republicanos.
2. **Políticos liberais.** Querían volver a un sistema constitucional, prepararon (co corpo de artillería) un golpe de Estado contra a ditadura, a Sanjuanada: Valencia, 1926. Complot insurreccional cívico-militar (Xenerais Aguilera e Weyler, Melquíades Álvarez e o Conde de Romanones) que pretendía volver á situación anterior ao golpe, fracasou antes de levarse adiante debido ás discrepancias entre os militares conxurados e as filtracións que chegaron á prensa e á policía.
3. **Republicanos.** Divididos até 1926, atoparon en Alianza Republicana, un referente común capaz de xunguir ao *Partido Radical* de Lerroux, aos republicanos cataláns liderados por Marcelino Domingo e aos republicanos reformistas de *Acción Republicana*, onde destacan os intelectuais Azaña e Pérez de Ayala. Participaron na oposición á Ditadura e até no complot de Sánchez Guerra. En Galiza, na mesma liña, fórmase en 1929 a ORGA, partido republicano galego.
4. **Nacionalistas periféricos.** Sobre todo os cataláns, que se radicalizaron como resposta á forte persecución dos seus símbolos e lingua.
5. **Anarquistas.** En 1924, dáse o intento de insurrección en Vera de Bidasoa, desde Francia, que é reprimida con facilidade. A ilegalización da CNT e a súa persecución rematarán polo xurdimento dentro do anarquismo da **FAI*** (Federación Anarquista Ibérica) que unía a anarquistas de España e Portugal, para lograr unha revolución social.
6. **PSOE.** Aínda que os socialistas chegaron a colaborar coa Ditadura nos primeiros anos nas institucións de Traballo e Comités paritarios (Largo Caballero chegou a ser vocal do Consello de Estado) beneficiándose da súa situación de legalidade (viron incrementadas as súas seccións e o número de afiliados, 235.000 afiliados en 1928) a partir de 1928 negáronse a formar parte da Asemblea Nacional

e empezaron a distanciarse do Réxime. En 1929, PSOE e UXT declararon o rexeitamento da Ditadura.

7. **Intelectuais e estudantes.** Durante os anos da Ditadura, o número de universitarios en España triplicouse. En 1926 fundouse a FUE (Federación Universitaria Española) como Asociación de Estudiantes, á marxe das Asociacións católicas. En 1928 convocouse unha folga en protesta pola destitución do Catedrático Luis Jiménez de Asúa. En 1929, en oposición ao réxime da Ditadura renunciou á súa condición de catedrático, ao igual que outros como Ortega y Gasset ou Fernando de los Ríos. Pouco a pouco, as demandas universitarias transformáronse en mobilizacións contra o Réxime. Primo de Rivera respondeu con actuacións represivas, ordenou a ocupación militar dos centros, a perda de matrícula dos folguistas, a clausura de varias universidades. Estas medidas contribuíron á oposición dos intelectuais e dunha masa social que empeza a reivindicar xa a democracia e a República.

5. A FIN DA DITADURA

Sumada a esta oposición, Primo de Rivera perde apoios no exército. O *somatén* e a UP non chegaron a converterse en organizacións de masas, o propio rei retíralle a súa confianza e o inicio dunha crise económica (tamén mundial, tras o crac de 1929) fai que Primo de Rivera consulte aos xefes militares se contaba coa súa confianza. Ante a falta de respostas claras, sentíndose só e sen apoios, o 29 de xaneiro de 1930 presenta a súa dimisión ao rei, que a acepta, e marcha a París, onde morre, enfermo de diabetes, poucas semanas despois.

Alfonso XIII reacciona entregando o goberno a outro militar: o **Xeneral Berenguer**, encargándolle volver progresivamente ao sistema constitucional de 1876, como se nada, polo que esta ditadura de Berenguer pasou a ser coñecida popularmente como **Ditabrandia**. Pero para entón a impopularidade do rei é xa tan grande, que políticos de todas as cores (republicanos, nacionalistas, socialistas, antigos monárquicos...) reúnen en agosto de 1930 para acordar verbalmente o **Pacto de San Sebastián***. Neste, formando un Comité Revolucionario para coordinar unha sublevación, acordan intentar derrubar a monarquía para establecer unha república democrática, convocar despois eleccións libres a Cortes constituíntes (nova Constitución) e recoñecer no futuro a autonomía de Cataluña, Galiza e as provincias vascas.

En decembro, o artigo do filósofo Ortega y Gasset “A monarquía debe ser destruída”, e os dous intentos de golpe de estado en favor da república (en Jaca e Madrid), fan que o rei substitúa á fronte do Goberno a Berenguer polo **Almirante Aznar**. Será quen decide convocar **eleccións municipais** para o 12 de abril de 1931.

Dada a situación, todo o mundo as viu como un plebiscito a favor ou en contra da monarquía. Aínda que o resultado foi de empate entre partidos monárquicos e republicanos, estes últimos arrasaron nas cidades, gañando en 41 das 50 capitais de provincia, o que foi considerado como un apoio masivo ao establecemento da república. Dous días despois, o 14 de abril de 1931, foi proclamada a Segunda República.

La dictadura de Primo de Rivera

